

Medos Romero: «O que hai tempo doeu tanto, hoxe dá o seu froito en forma de beleza»

[Héctor J. Porto](#) Redacción / La Voz [Cultura](#)

11 de abril de 2022

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2022/04/11/span-langgl-hai-tempo-doeu-hoxe-da-seu-froito-forma-belezaspan/0003_202204H11P22991.htm

Non acaba de chegar cos seus lapiseiros no estoxo e os seus cadernos a petar na porta do Parnaso. Leva moitos anos Medos Romero (Somedes, As Pontes, 1959) escanciando versos, dándolle á palabra unha e outra vez e delicadamente co esmeril, sen que asome un aceno de impaciencia no seu rostro. Iso a pesar de que en moitos momentos acosábana as dúbidas, as incertezas, albiscando que «quizais non había espazo» para a súa poesía. Pois ben, algún lugar debe haber. Só era cuestión de saber agardar. E niso non hai quen lle dea leccións. O seu último libro, *O sol era Ela*, que xa acadara o galardón que promoven Afundación e o Centro PEN de Galicia, mereceu este sábado o recoñecemento do Premio Nacional de la Crítica Literaria 2022 na modalidade de poesía en galego.

Romero confésase gratamente sorprendida, agasallada por unha distinción na que nunca pensara, nin esperaba, que a colleu na casa, nas ocupacións domésticas. E que «aínda hai pouco desfrutaba da felicidade do premio Afundación», engade. Pero tamén se sente agradecida polo que supón de confirmación de que os seus poemas atopan eco, e lonxe.

E isto, obviamente, non ten que ver que fora en Valencia onde o presidente da Asociación Española de Críticos Literarios, Fernando Valls, anunciou o fallo. Refírese a autora a que este libro seu é moi persoal, ten «unha temática diferenciada», incorpora «moita carga vital», e non sempre pensou en que sería ben recibido, ben entendido: «É cousa tan íntima que resulta difícil de interpretar desde fóra». De feito, insiste, percibiu nalgunha crítica interpretacións que non estaban, «para nada», na súa intención cando escribía. «Pero tamén acepto que estando o libro en mans alleas, xa é o lector o dono dos significados. Desde que o len os outros, o libro deixa de ser meu», asume.

Os de *O sol era Ela* son poemas que impactan, aclara, nos que a palabra preme para que unha experiencia dura sexa reconvertida en fermoso canto. Porén, comprende que non todos os seres humanos reaccionan igual ante unha experiencia complexa, e «non todos están na obriga de *vivenciala* igual, como un abandono, sen adobíos».

Sabe ben do que fala. Porque este poemario ten unha contundente carga autobiográfica. Ela, sendo nena, sentiuse abandonada polos seus proxenitores, que marcharon á emigración deixándoa ao cargo da familia. «Estes versos parten dunha experiencia propia moi amarga, que só cheguei a superar co tempo a través dun traballo terapéutico profesional profundo. O que quixen dicir co libro é que se falla a proteína do amor na nenez non es quen de desenvolverte como persoa, de ter autoestima suficiente para saír adiante. Detrás desta escrita hai un labor fondo de escavación cara a dentro». Medos Romero viviu a súa circunstancia de carencia de amor dos pais cunha sensación absoluta de abandono. «Chegas a crer que non tes dereito, que non es nada. Para saír dese estado abisal, botei moitas horas de diván. É aí onde ha de agromar o poema: só co paso dos anos podes retomar aqueles sentimentos, volver sobre aquilo que che fixo tanto mal, unha vez solventada esa ferida», detalla.

«É ben curiosa a vida —incide leda—, o libro que me fai máis feliz está firmemente sustentado pola amargura e o sufrimento. O que hai tempo doeu tanto, hoxe dá o seu froito en forma de beleza e amor, de celebración da vida», festexa a poeta.

Os nenos da guerra de Ucraína e a natureza

Todo isto que lle está a suceder a Medos Romero —que traballa como enfermeira—, esta compensación no eido da poesía, ten que ver cun valente exercicio de memoria, cunha mirada chea de rigor sobre a súa nenez. «O que pasa na nenez —asegura— queda selado a lume en nós. E non abonda con entender esa dor que arrastras. Hai que afrontar un traballo arduo, falar dos teus medos, non alcanza só coa terapia profesional. E iso é o que fai a protagonista do libro, falar desa nena, desa adolescente, desa muller que se pregunta: “Que vai ser de min?, quen son eu?”», explica a autora. Destas eivas e anguria saben tamén de sobra, anota Romero, as mulleres de certas xeracións: «Fomos construídas nun sistema patriarcal. E nada achegaba un cabo que afianzase a túa feble posición. Se ademais nos din desde a relixión e desde a educación que non serves, que non vales, que non entendes... Esa infancia queda impregnada en nós, gravada sen remedio. Por suposto, hai que rebelarse, pero non chega con entender a túa posición, só coa razón non es capaz de endereitar iso. Teces redes de afectos e desafectos, pero para verte enteira, plena, segura, quererte, só serve sentirse verdadeiramente amada, sobre todo, na nenez».

Estes días, relata, acórdase moito dos nenos da guerra de Ucraína, «con eses ollos tan abertos, de incompreensión, de medo, con esas cariñas de terror, que non comprenden, que se ven sós, desamparados», evoca con emoción.

Ademais do diván, a ela axudouna «a proximidade da natureza, esa conexión coa capacidade de amor, sosego, luz, xenerosidade, harmonía e gozo que agocha». Por iso tamén o seu verso é un chamamento reivindicativo a que «non hai que darlle as costas ao reino animal e ao reino vexetal: debemos regresar á terra e deixar de tratala tan soberbiamente, de agredila».